

Comisión de Empleo da Mesa Xeral do Estado para tratar da Oferta de Empleo Público para o 2010.

A xuntanza comenza cunha polémica entre os representantes de UGT, CCOO e CSIF e os da Administración, pola presenza na xuntanza de representación da USO. Coa que está caendo, eles están máis preocupados polas súas liortas que polo que había que falar da Oferta de Empleo (así nos vai). Os representantes da Administración, non cederon a presión destes sindicalistas e optaron por informar aos sindicatos que nos mantivemos na xuntanza (USO e CIG); aínda que, oído o que nos contaron, casi que houbera sido mellor escapar correndo.

O resumo do que nos informaron pode concretarse en:

O Decreto de Oferta ven condicionado (coma sempre) polo establecido na Lei de Orzamentos que limita a taxa de reposición a un máximo dun 15%; excluindo algúns sectores que tiñan consideración de prioritarios. Este ano teremos como segundo condicionante o Acordo de Consello de Ministros do 29 de xaneiro; que ven a establecer unha taxa de reposición do 10%, afectando á totalidade dos colectivos.

O Decreto contemplará o número de postos que serán convocados para Laborais e Funcionarios do Estado, tanto en turno libre como en promoción interna e os das empresas e entes públicos; afectados polas mesmas limitacións. Prohíbese, ademais, calquera contratación de persoal interino.

Non facilitaron datos concretos sobre o número de postos que van saír en cada convocatoria; con carácter xeral serán unhas 2000 para oferta libre e 660 para promoción interna, distribuídas do seguinte xeito: Grupo A1.-135; A2.-190; C1.-235 e C2.-100.

A oferta libre concentrarase nos seguintes sectores: Institucións Penitenciarias, Represión Fraude Fiscal, Seguridade Aérea e Meteorolóxica, Orden Social; Persoal Investigador e Tecnoloxías da Información.

En canto aos procedementos de provisións de postos, consideraranse sectores prioritarios e polo tanto afectados polas limitacións á mobilidade os seguintes:

Oficinas e Áreas de Extranxería das Delegacións e Subdelegacións; Seguridade Aérea e Infraestruturas Ferroviarias, Institucións Penitenciarias, Secretaría Xeral de Política Social, Secretaría Xeral de Empleo, Servicio Público de Empleo Estatal e a súa Periferia, Inspección de Traballo e os Servizos Periféricos dos Servizos e Entidades da Seguridade Social, Axencia Estatal Tributaria e os Organismos Públicos de Investigación dos distintos Ministerios.

As medidas adoptadas polo Parlamento e o Goberno farán da Oferta do 2010 a máis restrictiva do que vai de século; así mesmo conlevará (con toda seguridade) un deterioro nos servizos públicos que xa estaban dabondo afectados pola falta de persoal. Ao mesmo tempo asistiremos a un incremento da externalización de servizos e a contratacións privadas para facerse cargo de procesos de xestión que agora son atendidos por empregados públicos. Desgraciadamente, ante este panorama, a maioría sindical (constituída polos sindicatos do Foro) está aletargada en canto a acción sindical e gastan todos os seus esforzos en loitar contra outros sindicatos para manter a súa exclusividade negociadora.

Según as previsións de Función Pública, a vinda semana poderán concretar algo máis sobre os postos a convocar, xa que pensan que o Decreto será aprobado polo Consello de Ministros do día 26.